

ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DA COORDINADORA DE TRABALLADORAS E TRABALLADORES DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA (CTNL)

LUGAR: Restaurante Espazo Cultural A Nave de Vidán

DATA: sábado, 7 de marzo de 2020

HORA DE COMEZO: 11.00 h

HORA DE REMATE: 13.30 h

NÚM. DE ASISTENTES: 13 persoas

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior
2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas
3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión
4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas
5. Elección de nova Xunta Directiva
6. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio
7. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio
8. Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior

A secretaria, Silvia Muíño, somete a votación a aprobación da acta da asemblea do ano 2019 (**Anexo 1**) e esta apróbase por unanimidade.

2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas.

David Cobas explica que durante o período interasemblemario 2019-2020 non se rexistrou ningunha solicitude de alta. Neste mesmo período rexistráronse 9 baixas, catro delas por teren aprobado as oposicións do ensino e as outras cinco, por deixaren de pagar as cotas.

Fálase da posibilidade de iniciar unha campaña para achegar novas persoas socias, poderíanse aproveitar os Encontros.

Xustifícanse as baixas do novo profesorado en que a formación que damos desde a CTNL non cumpre as súas expectativas ao non ser cursos homologados. Esta cuestión xa foi tratada no seu día, son dúas as razóns que impiden esta homologación: ser dentro do horario lectivo e non contar entre o alumnado co 70% de profesorado en activo.

O número de socias/os da CTNL en febreiro de 2020 é de 167 persoas.

Vótase e apróbase por unanimidade a proposta de altas e baixas presentada pola directiva (**Anexo 2**).

3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta, comenta e somete a avaliación o informe/memoria de xestión correspondente ao período 2019-20.

Indica que o plan de acción aprobado non se cumpriu na súa totalidade mais si se levaron a cabo as actividades máis urxentes e necesarias. Desenvolvéronse accións de xestión cotiá da asociación (defensa de intereses das/dos traballadoras/es de normalización da lingua, propostas para mellora do traballo en lingua, etc.), tamén as máis estabilizadas e que supuñan unha continuidade dos anos anteriores (encontros, colaboracións, LGx15, Agasallo, etc.). Tamén se finalizou o Manual de procesos selectivos para técnicos/as de normalización lingüística, que está pendente da súa edición e publicación no web; iniciouse o novo proxecto Premios Mil primaveras, que tivo moi boa acollida e serviu para recoñecer e difundir seis proxectos de normalización lingüística.

Así a todo, houbo outras actividades que quedaron pendentes como a elaboración dunha proposta de temario específico para procesos selectivos, con modelos de probas prácticas. Ou a redacción dunha proposta unificada de probas de lingua galega para o acceso a prazas nas administracións públicas. Disto último temos o material que se nos facilitou no curso de formación que deu o profesor Singala e que , non sendo as grellas de avaliación, están a disposición de quen o solicite.

En definitiva, desenvolveuse unha actividade satisfactoria.

Máis polo miúdo tratouse o seguimento das axudas das deputacións provinciais para a creación de SNL e nomeadamente da Deputación de Pontevedra que ten manifestado recentemente o seu interese polo funcionamento dos servizos activos nesta provincia ao CSDG. Nesta liña subiron as axudas por mantemento do servizo e baixaron as de actividades. Tamén está a traballar na creación dun SNL dentro da propia deputación.

En canto ao Premio Mil primaveras, coméntase en relación a un dos puntos fortes destes premios de visibilizar o traballo técnico que hai detrás de cada proxecto, apréciase que a exposición do traballo realizado é moito máis elaborada por parte dos centros de ensino en comparación cos SNL, xa sexa polo costume de ter que presentar proxectos para recibir axudas.

En relación con isto propónse un curso de formación para técnicas e técnicos de como *vender* o traballo feito.

Cuestiónase tamén o mantemento das seis categorías ao longo dos anos.

Vótase o informe de xestión e apróbase por unanimidade.

4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas

David Cobas, expón o informe económico do período comprendido entre o 13 de febreiro de 2019 até o 15 de febreiro de 2020 (**Anexo 4**) e ábrese unha quenda de intervencións.

David explica que tentarán reducir os gastos de dominios, nomeadamente o de *Traballando en lingua*, xa que na actualidade non se colabora nesta actividade.

Tamén se fala da subvención da Deputación de Pontevedra para o Premio Mil primaveras que foi penalizada por non axustar os gastos proxectados cos que se xustificaron. Algo a ter en conta en vindeiras ocasións.

Concretouse tamén o gasto do LGx15 que aínda que non houbo que pagar o alugueiro da sala si o do persoal técnico que foi superior.

Vótase a aprobación do informe e apróbase por unanimidade.

5. Elección de nova Xunta Directiva

A presidenta expón a única candidatura presentada (**Anexo 5**):

Cesaron como integrantes da Xunta Directiva as persoas que se detallan a seguir: Silvia Muíño Naveira, secretaria; os e as vogais seguintes, Socorro García Conde, Xosé Antonio Formoso Lado e Estela Suárez Recouso.

Desígnanse como novas integrantes: Inmaculada Seage Freire, Arximiro Fernández Cabanelas, Paula Soto Viñas e Marta Besada Otero.

A Xunta Directiva da asociación queda constituída da seguinte forma:

Presidenta: María dos Anxos Sobriño Pérez

Secretaria: Mónica Fernández Valencia

Tesoureiro: David Cobas Medín

Vogal 1: María Adela Pita Permy

Vogal 2: Xesús M. Mosquera Carregal

Vogal 3: Inmaculada Seage Freire

Vogal 4: Arximiro Fernández Cabanelas

Vogal 5: Paula Soto Viñas

Vogal 6: Marta Besada Otero

A Asemblea acordou por unanimidade, cos votos a favor de todas as persoas asistentes, escoller como nova Xunta Directiva as persoas integrantes da única candidatura presentada.

A presidenta agradece a dedicación, apoio e traballos das persoas que estiveron estes últimos catro anos e dá a benvida ás novas incorporacións.

6. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta o plan de acción par ao período interasamblear 2020-2021 (Anexo 6). A seguir ábrese un debate, no que se matizan, comentan e aclaran algunhas das accións propostas.

Seguir na mesma liña de actividades formativas, coas tres propostas presentadas e, en relación coa presentación dos Proxectos Mil primaveras engadir unha formación encamiñada á mellora da presentacións dos proxectos que se están a desenvolver desde os SNL.

No apartado 3 que fala das propostas para facer máis efectivo o traballo a prol da normalización, consideramos que non é necesario volver enviar ás forzas políticas que se presentan ás eleccións ao Parlamento de Galicia e se cadra si máis necesario poñerse en contacto con elas logo dos resultados.

En canto ao seguimento das axudas da deputacións provinciais está pendente unha reunión coa Deputación de Lugo.

No apartado de “Encontros, xornada e outras propostas”, continuar coas que se viñan desenvolvendo. En cano ao LGx15, manter o mesmo espazo asi como o día da semana, sábado, xa que deu moi bo resultado malia o cambio de localización e outros de última hora.

En canto ao Premio Mil primaveras, xa está aberto o prazo e esta edición, pola experiencia da pasada, adiántase e a entrega dos premios será antes do verán. Ver a posibilidade de repetir na cidade de Pontevedra e contar coas axudas da Deputación do programa PonteGal para a presentación e mantemento da gala.

A continuación do Agasallo.eu, foi máis discutida polo traballo que dá o seu mantemento para que realmente sexa unha páxina de referencia efectiva na que a xente queira anunciarse e que

sexa consultada. Quedamos en que se actualizaría e fariamos un esforzo para a súa difusión desde o SNL logo de debater entre se continuabamos como até o de agora ou só se actualizaría a través das RRSS.

Despois da quenda de debate, vótase e apróbase por unanimidade o plan de acción para o vindeiro período coas modificacións propostas.

7. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio

A presidenta, Anxos Sobriño, presenta as previsións orzamentarias para o 2020 (**Anexo 7**), unhas previsións que continúan na mesma liña que as de anos anteriores.

Vótanse as previsións orzamentarias para o vindeiro exercicio e apróbanse por unanimidade.

8. Rolda aberta de intervencións

Non houbo intervencións neste punto.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata esta asemblea e eu, como secretaria, redacto a acta.

A secretaria

Visto e prace

A presidenta

Mónica Fernández Valencia

Anxos Sobriño Pérez



CTNL
Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as de Normalización
da Lingua (CTNL)
CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tfno.: 629 571 950
info@ctnl.org / www.ctnl.org

Anexos:

Anexo 1 :Acta anterior: https://ctnl.gal/upload/des/350-a-acta_asemblea_ordinaria_2019.pdf

Anexo 2: Altas e baixas

Anexo 3:Memoria de xestión: https://ctnl.gal/upload/des/351-a-informe-memoria_xestion_ctnl_2019-2020.pdf

Anexo 4: Memoria económica

Anexo 5 :Nova candidatura: https://ctnl.gal/upload/des/353-a-candidatura_directiva_2020-2022.pdf

Anexo 6: Liñas de acción: https://ctnl.gal/upload/des/352-a-proposta_linhas_accion_ctnl_2020-2021.pdf

Anexo 7: Orzamento 2020